

XXXV Xornadas Xerais de Apostolado Segrar

Crónica

O 14 de febreiro de 2015 tiveron lugar en Madrid as Xornadas de Delegados Diocesanos e Presidentes Nacionais de Apostolado Segrar.

Estiveron presididos por Mons. D. Javier Salinas, Bispo de Mallorca e presidente da Comisión Episcopal de Apostolado Segrar (CEAS), e por Mons. Antonio Cartagena, director da Comisión de Apostolado Segrar da Conferencia Episcopal Española que moderou a reunión.

Nestas Xornadas participaron delegados diocesanos de Apostolado Seglar e membros dos equipos diocesanos da delegación en representación dunhas 18 dioceses, e presidentes e representantes dunhas 21 asociacións e movementos de Apostolado Segrar de 25 realidades.

Comezamos coa Hora Intermedia, oración inicial, na mañá do sábado, poñendo en mans do Pai a Xornada. A continuación, D. Javier Salinas, deu a benvinda aos presentes, manifestando a súa motivación por ser a primeira reunión desta índole, estando el á fronte da Comisión de Apostolado Segrar. D. Javier alentounos a vivir o tempo presente como novidade, vencendo o espírito de derrota no que moitas veces se instala a nosa vida cristiá. O compromiso pastoral hai que vivilo como don e como novidade, sen pechar os ollos ao traballo que xa se está realizando en cada delegación ou asociación.

Hoxe, deixámonos iluminar pola celebración do cincuenta aniversario do Decreto de Apostolado Segrar, *Apostolicam actuositatem*, do Concilio Vaticano II. Facer memoria deste acontecemento débenos levar a continuar con ánimo o camiño empezado, sendo conscientes das dificultades, pero, en ningún momento, sen perder a esperanza. Dúas preguntas poden axudarnos nesta tarefa *onde estamos? Que temos que facer?*

Temos que aprender a ver coa mirada misericordiosa de Deus. Ver onde están as nosas fortalezas e debilidades, pero necesitamos velas todos xuntos para así presentar un maior e mellor servizo á Igrexa. E os protagonistas desta tarefa son as nosas asociacións e delegacións, pero non como meras estruturas ou organizacións, senón como persoas que intentan vivir a fe, sendo responsables da misión encomendada. Referíndose a esta cuestión D. Javier recordou as palabras do Papa Francisco, que nos instan no traballo de escoitarnos, de compartir, de buscar entre todos solucións concretas.

Tras esta intervención inicial, D. Antonio Cartagena informou do traballo previo por parte das delegacións e asociacións, de contestar aos cuestionarios enviados desde a Comisión. Tamén ofreceu un percorrido pola articulación do Apostolado Segrar nas

últimas décadas, destacando o traballo de coordinación entre asociacións que en todo este tempo se levou a cabo, desde distintas instancias.

Tras estes momentos de exposición, comezou o traballo por grupos, onde delegacións e asociacións reflexionaron sobre as dúas preguntas fundamentais: Como lograr na práctica unha maior comunión eclesial entre Asociacións e Delegacións de Apostolado Segrar? Que actividades concretas hai que desenvolver para lograr unha coordinación efectiva no compromiso misionero e evanxelizador? Este momento, en si mesmo, xa foi unha visibilidade da comunión eclesial entre todos os axentes de Apostolado Segrar presentes na Xornada. As respostas foron dialogadas e elaboradas en todos os grupos de traballo, e o que todas manifestaban é un interese crecente por levar o Evanxeo a todos os recunchos da nosa sociedade, desde as parroquias, pero tamén atendendo aquelas situacións que requiren da Igrexa unha presenza desde outros ámbitos pastorais.

Houbo unha posta en común do compartido e reflexionado en todos os grupos, para finalizar as xornadas coa oración de Vésperas e unhas palabras de D. Javier Salinas como presidente da CEAS, animando a todos a participar nas próximas Xornadas de Apostolado Segrar, que terán lugar (D.m.) o 24 e 25 de outubro de 2015.

Madrid, 14 de febreiro de 2015

